

tivo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: Pontevedra.
Localidade: Vigo.
Concello: Vigo.
Enderezo: r/ Pi y Margall nº 40 baixo.
Código do centro: 36024689.
Denominación: Centro Privado Arturo.
Titular: *Academia de Peluquería Arturo, S.L.*
Ensinanzas que se autorizan:
Familia profesional: Imaxe persoal.
1 ciclo formativo de grao medio de perrucaría (2 unidades para 20 alumnos/unidade).

Orde do 1 de marzo de 2006 pola que se autoriza o cambio de denominación do Conservatorio Profesional de Música de Ferrol.

Tendo en conta os artigos 2 e 3 punto 1 do anexo do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, (DOG do 9 de agosto de 1996), así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación do centro que se relaciona no anexo.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: A Coruña.
Concello: Ferrol.
Localidade: Ferrol.
Enderezo: avenida do Mar, Caranza, 2-4.
Código do centro: 15027617.
Denominación: Conservatorio Profesional de Música de Ferrol.
Nova denominación: Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 9 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para adecuación e modernización de equipamentos comerciais, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.

A adecuación e mellora dos equipamentos comerciais municipais constitúen un elemento clave para o desenvolvemento do comercio e así o considera o Plan de Renovación e Mellora do Comercio Galego, entre cuxas medidas figura un programa específico de mellora competitiva do comercio polo miúdo, que busca conxugar os intereses entre o comercio e o contorno en que se desenvolve a súa actividade, a través do impulso dos espazos de uso comercial.

Polo tanto, resulta oportuno establecer una liña de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria e as corporacións locais, para posibilitar medidas e actuacións que sirvan para modernizar, potenciar e revitalizar o comercio naquelas áreas que son, ou poden chegar a ser, polos de atracción con efectos expansivos para o tráfico comercial.

O contido desta orde de axudas axústase ao establecido polo Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 142, do 23 de xullo), que recolle o réxime de axudas rexionais autorizado pola Unión Europea.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuída a Consellería de Innovación e Industria en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.

1. Constitúen o obxecto destas subvencións os investimentos para a adecuación e modernización dos equipamentos comerciais municipais, referidos ás seguintes actuacións:

a) Realización de estudos de mellora da organización tanto física como funcional dos mercados retallistas, así como a realización dos proxectos de investimento como consecuencia das propostas concretas formuladas nos devanditos estudos, que favorezan a posta en marcha de novos servizos ou que supoñan unha transformación substancial da súa infraestrutura, funcionamento ou xestión.

b) Investimentos en mercados retallistas, en concreto, a construción, reparación, modernización e remodelación da estrutura física e das instalacións de uso comunitario, así como contornos anexos onde se produza venda de produtos tradicionais.

c) Investimentos en proxectos para adecuación física ou mellora de espazos destinados a mercados tradicionais e ambulantes, de apertura periódica.

d) Investimentos noutros equipamentos comerciais, en particular, as dotacións de equipo e instalacións

xerais ou complementarias que se integren en unidades comerciais afíns.

2. Non terán a consideración de subvencionables os seguintes conceptos:

- a) Custos relativos á adquisición de bens inmobles e/o seu mantemento, así como aluguer de locais.
- b) Custos relativos á redacción de proxectos técnicos que se presenten con carácter exclusivo.

3. Poderán beneficiarse das subvencións obxecto desta orde os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia e as actuacións subvencionables comprendrán as executadas entre o 1 de xaneiro de 2006 e a data límite de presentación da xustificación da subvención, de acordo co artigo 8º da presente orde.

Artigo 2º.-Contía.

1. Para a concesión das subvencións destinarase o crédito correspondente á aplicación orzamentaria 10.05.521-A.761.1, «Transferencias de capital. Corporacións locais. Adecuación e modernización dos equipamentos comerciais», coa seguinte distribución para o ano 2006 e as plurianualidades para os anos 2007 e 2008, con independencia dos orzamentos que se aproban nos ditos exercicios. As cantidades sinaladas poderán ser incrementadas en función das peticións presentadas e de acordo coas disponibilidades de crédito.

Aplicación orzamentaria: 10.05.521-A.761.1.

Ano 2006: 1.877.000 €.

Ano 2007: 940.000 €.

Ano 2008: 565.000 €.

2. A contía máxima da subvención que se outorgue non poderá superar o 70% do investimento subvencionable aprobado, nin o custo total no caso de que se lle acumulen outras axudas para igual fin, sendo á vez de aplicación as seguintes limitacións:

a) Para os investimentos considerados no parágrafo a) do artigo 1º, a subvención poderá alcanzar ata un máximo do 30%, excepto os referentes á materialización dos estudos, que poderán alcanzar ata o 70%.

b) Para os investimentos considerados nos parágrafos b) e c) do artigo 1º, a subvención poderá alcanzar ata un máximo do 70%.

c) Para os investimentos considerados no parágrafo d) do artigo 1º, a subvención poderá alcanzar ata un máximo do 50%.

3. Poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual nos termos e límites do artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 3º.-Presentación de solicitudes e documentación.

1. As solicitudes deberán dirixirse ao conselleiro de Innovación e Industria e presentaranse no rexistro xeral das delegacións provinciais ou a través de calquera das formas sinaladas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que teñen subscrito convenio de cola-

boración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Á solicitude de subvención, segundo modelo normalizado do anexo I, deberá xuntarse a documentación que a seguir se relaciona por duplicado exemplar, en orixinal ou copia compulsada, polo menos unha delas:

a) Certificación do acordo de aprobación, polo correspondente órgano municipal do proxecto de investimento, da solicitude de subvención coa súa contía exacta e do plan de financiamento do proxecto.

b) Certificación acreditativa da titularidade municipal dos inmobles onde estea o mercado retallista ou das vías nas que estea previsto realizar o investimento, segundo os casos.

c) Memoria explicativa que considere os seguintes aspectos:

-Interese, oportunidade e necesidade do investimento.

-Programa de execución con especificación das datas de inicio e remate previstas.

-Estado actual do equipamento de que se trate e, se é o caso, detalle das súas instalacións, antigüidade, capacidade comercial e adecuación entre necesidades e funcións que cumpre.

d) Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou subvencións efectuadas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, segundo modelo normalizado do anexo II.

e) Declaración de compromiso de uso e posterior utilización da lingua galega segundo modelo normalizado do anexo III, no seu caso.

3. Así mesmo, deberá presentarse a seguinte documentación específica segundo as actividades que se relacionan:

-Realización de estudos: memoria descritiva, metodoloxía e finalidade perseguida, acompañando a información que avale o equipo de investigación, currículo e experiencia.

-Realización de obras: memoria valorada, asinada por técnico competente, con detalle a nivel de capítulo das actuacións que se pretenden executar, incorporando cadro detallado, por tipoloxía, dos establecementos comerciais existentes na área obxecto de actuación, e no caso de mercados, indicación da periodicidade do servizo e número de postos de venda.

-Investimentos noutros equipamentos comerciais: memoria xustificativa con expresión das características do investimento que se vai realizar, acompañada do orzamento ou factura pro forma.

4. O prazo de presentación de solicitudes será a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 29 de abril de 2006.

Artigo 4º.-Instrución e resolución.

1. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para a instrución dos procedementos que se tramiten ao amparo do disposto nesta

orde. Non obstante, cando a competencia estea delegada nos delegados provinciais desta consellería, o órgano instrutor será a Secretaría Xeral da respectiva delegación provincial.

Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude de subvención non reúne os requisitos exixidos nesta orde para cada caso concreto, o concello será requirido para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da recepción do devandito requirimento, rectifique a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese, se considerará que desiste da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da citada lei.

Os órganos administrativos encargados do procedemento poderán reclamar dos concellos solicitantes a documentación adicional que consideren oportuna.

Revisados os expedientes e completados, se é o caso, o órgano instrutor deberá emitir, como paso previo á valoración, un informe relativo ao cumprimento dos requisitos que para os solicitantes se establecen no artigo anterior.

2. Unha vez informadas as solicitudes polo órgano instrutor, procederá a avaliación destas por unha comisión de valoración, constituída para o efecto en cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria, composta polo secretario provincial, que a presidirá, un xefe de sección e un técnico.

3. O conselleiro de Innovación e Industria ou se é o caso, o delegado provincial, conforme o establecido no Decreto 88/1990, do 15 de febreiro, sobre desconcentración de competencias para a concesión de axudas e subvencións nos delegados provinciais ou territoriais da Xunta de Galicia, ditará a resolución de concesión ou denegación da subvención solicitada.

4. O beneficiario da subvención deberá aceptala no prazo improrrogable de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, e para os sós efectos da optimización dos créditos dispoñibles. En caso contrario, e logo de requirimento por parte da Consellería de Innovación e Industria, entenderase que renuncia á subvención concedida e procederase de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A aceptación da subvención formalizarase mediante escrito asinado polo beneficiario en que este se compromete a cumprir todas as condicións establecidas nesta orde e, se é o caso, na resolución de concesión desta.

Coa aceptación achegarase a documentación seguinte:

a) Para realización de obras, proxecto técnico visado cando o investimento supere o importe de 18.000 euros, e noutro caso memoria técnica definitiva, documentos que non poderán variar substancialmente a memoria presentada coa solicitude.

b) Certificado do interventor respecto da achega municipal comprometida para financiar o investimento.

5. As resolucións de concesión ou denegación das subvencións serán motivadas, de acordo cos criterios de outorgamento das normas reguladoras, notificaránelles aos interesados e poñerán fin á vía administrativa.

As resolucións estimatorias das solicitudes de concesión de subvencións expresarán o obxecto e importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe da subvención concedida e a contía desta e, no caso de que teñan carácter plurianual, as cantidades outorgadas con cargo aos orzamentos de exercicios posteriores.

6. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses e computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria.

O vencemento do prazo máximo sen se ter notificado a resolución, lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

7. As delegacións provinciais, en calquera momento poderán inspeccionar os investimentos realizados e, se é o caso, as obras en curso.

Artigo 5º.-Criterios de avaliación.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión e contía das axudas, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

-O carácter innovador do proxecto.

-O cofinanciamento do proxecto por parte doutra administración ou institución.

-Proxectos destinados á adecuación de edificios, instalacións e equipos, en mercados municipais retallistas nos que se producirá unha deterioración grave.

-Proxectos de adaptación de mercados ás exixencias das normativas técnico-sanitarias e das normas básicas de seguridade en edificacións.

-Que o proxecto responda a un plan integral que resolva os aspectos estruturais e funcionais da zona, de acordo con criterios de orde xeral en materia de urbanismo comercial.

-Que o proxecto incorpore actuacións referidas ás enerxías alternativas.

-Que a natureza das obras proxectadas responda a unha reparación xeral, e non a actuacións de mantemento.

-Que o proxecto procure un hábitat máis racional nos puntos de venda e doutros elementos comúns da unidade comercial, segundo criterios de accesibilidade, comodidade e información dos consumidores e usuarios.

-Compromiso de uso e posterior utilización da lingua galega en toda a sinalética e nos elementos que proceda.

Artigo 6º.-Actuacións plurianuais.

1. No caso de actuacións plurianuais que excedan o exercicio da convocatoria, poderanse establecer os correspondentes compromisos anuais dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente, de conformidade co prazo de execución do investimento, para a terse ao disposto, para os efectos oportunos, no artigo 58 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Os libramentos correspondentes a estas subvencións faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario. Se a materialización ou o pagamento do investimento se anticipase ao calendario establecido na resolución de concesión e non fose posible o reaxuste das anualidades de subvención, o investimento ou o pagamento adiantado poderá servir de xustificación para o libramento das anualidades posteriores sempre que se obtivese a conformidade do órgano competente para a concesión da axuda.

3. Nas subvencións plurianuais, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final do ano, corresponden á anualidade seguinte e polo tanto poderanse presentar como xustificantes para o cobramento de dita anualidade.

Artigo 7º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da subvención poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de concorreren na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

3. O beneficiario deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida ao órgano concedente, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior; cun límite de 20 días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución, ou se é o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente despois da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 8º.-Xustificación.

1. As subvencións concedidas faranse efectivas unha vez se presenten, por duplicado, as facturas xusti-

ficativas do investimento realizado acompañadas dos documentos que a continuación se relacionan:

a) En caso de obras:

-Certificación acreditativa da adxudicación que indique o nome do contratista, o importe líquido da adxudicación e, se é o caso, a baixa na licitación.

-Certificación da obra realizada, expedida polo técnico facultativo e aprobada polo órgano competente do concello beneficiario.

b) En caso de estudos, acta de recepción e conformidade.

c) Nos demais casos, certificación acreditativa do investimento ou da adquisición dos equipamentos.

d) En todos os casos:

-Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, para a mesma finalidade tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes, doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

-Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

2. A documentación acreditativa do investimento obxecto de subvención acollida á presente anualidade, deberá presentala o beneficiario con data límite do día 31 de outubro de 2006, na respectiva delegación provincial da Consellería de Innovación e Industria ou a través dalgunha das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º.-Pagamento.

1. O libramento da subvención correspondente á presente anualidade farase nun único pagamento, unha vez xustificado o investimento, mediante transferencia bancaria á entidade financeira e número de conta designado, para o que se lle unirá a documentación da xustificación, certificación expedida pola propia entidade bancaria en que conste dígito de control, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente, onde se debe realizar o aboamento.

2. Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, poderán efectuarse pagamentos parciais das subvencións concedidas ou autorizar anticipos con suxeción ao establecido no artigo 16 e 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre que estea garantida a consecución do obxecto, ou de resultar a concorrencia con outras subvencións ou axudas sempre que a contía total supere o custo do investimento.

Artigo 10º.-Réxime de recursos.

As resolucións, expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde, esgo-

tarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición perante o órgano que ditou o acto impugnado no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contado a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa ou de seis meses contado a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que estimen procedente.

Artigo 11º.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

a) Realizar o investimento ou a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización do investimento ou a actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou condicións que determinan a concesión ou o desfrute da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Adoptar as medidas e disposicións necesarias para garantir unha adecuada publicidade no lugar das actuacións subvencionadas durante o prazo de execución, debendo constar que están subvencionadas pola Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.

Artigo 12º.-Reintegro das subvencións.

1. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora desde o seu pagamento nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos do artigo 30 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impidan.

c) Incumprimento da finalidade, actividade, proxecto ou non adopción do comportamento para a que foi concedida a subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas ao beneficiario con motivo da concesión da subvención.

2. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai a desenvolver o beneficiario, ou se é o caso, a porcentaxe máxima de investimento subvencionable establecido.

3. O procedemento de reintegro tramitarase de acordo ao disposto no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

4. As cantidades que os beneficiarios deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 13º.-Fiscalización e control.

A concesión das subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 14º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas subvencións reguladas na presente orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia modificado parcialmente pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Artigo 15º.-Publicidade.

Unha vez resolta a convocatoria das axudas, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación da entidade beneficiaria, contía e finalidade da subvención.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido na presente orde aplicarase o disposto para esta materia no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa que resulte de aplicación.

Segunda.-Facúltase a directora xeral de Comercio e Consumo para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2006.

Fernando Xavier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A CORPORACIÓNS LOCAIS PARA ADECUACIÓN E MODERNIZACIÓN DE EQUIPAMENTOS COMERCIAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN211A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO CONCELLO

DENOMINACIÓN		DOMICILIO		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CIF Nº	DATOS BANCARIOS	BANCO	OFICINA	DC
				Nº DE CONTA

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI
CARGO		

EXPÓN:

Que considerando reunir os requisitos exixidos segundo se mostra na memoria xustificativa e demais documentos que se xuntan, e con expresa aceptación de todos os termos expresados na orde correspondente, solicita unha subvención na contía que se expresa a continuación:

FINALIDADE DO INVESTIMENTO: _____

ORZAMENTO DO INVESTIMENTO _____

CONTÍA SOLICITADA (euros) _____ PORCENTAXE _____ %

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (POR DUPLICADO)

- ☐ CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN POLO CONCELLO DO PROXECTO DE INVESTIMENTO.
- ☐ CERTIFICADO DE TITULARIDADE MUNICIPAL DOS INMOBLES OU VÍAS EN QUE ESTEA PREVISTO REALIZAR O INVESTIMENTO.
- ☐ MEMORIA EXPLICATIVA.
- ☐ DECLARACIÓN EXPRESA DE SUBVENCIÓNS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.
- ☐ DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INCORPORACIÓN DO IDIOMA GALEGO.
- ☐ DOCUMENTOS ESPECÍFICOS QUE SE EXIXEN PARA OS SUPOSTOS PREVISTOS NO PUNTO 3.3 DA ORDE.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 9 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para adecuación e modernización de equipamentos comerciais, en réxime de concorrência competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.

SINATURA DO SOLICITANTE E SELO DO CONCELLO

_____, de _____ de _____

Conselleiro de Innovación e Industria

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

ANEXO II

DECLARACIÓN DE SUBVENCIÓN SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTUACIÓN OBXECTO DE SOLICITUDE

D. _____ con DNI nº _____ en calidade de _____
 comparece en representación do concello de _____ con CIF _____

DECLARA (sinalar cun X o que proceda):

- ☐ Non ter solicitado outras axudas para o proxecto obxecto da solicitude.
- ☐ Ter solicitado axudas e subvencións dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto obxecto da solicitude:

CONVOCATORIA ⁽¹⁾	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE ⁽²⁾	S/C/P ⁽³⁾	DATA	IMPORTE
_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____

⁽¹⁾ Indicar a orde de convocatoria para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.

⁽²⁾ De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do Organismo.

⁽³⁾ Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

Así mesmo, comprométome a comunicar á Consellería de Innovación e Industria calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade a esta declaración, e en todo caso, antes do cobramento da/s axuda correspondente/s á presente solicitude.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

_____ de _____ de _____

Asdo.: _____

O _____

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE USO E POSTERIOR UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NA
ACTUACIÓN OBXECTO DE SOLICITUDE

D/Dª _____ con DNI nº _____
 en calidade de _____ comparece en representación do Concello de
 _____ con CIF _____

DECLARA:

Que _____ para _____ a actuación obxecto de solicitude de subvención consistente en
 _____, comprométese ao uso e posterior utilización da lingua galega en todos os
 elementos que procedan.

E para que así conste para os efectos oportunos, asino a presente declaración-compromiso.

_____, de _____ de 200__

Asinado: _____

O _____

Orde do 10 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actuacións de vertebración do comercio urbano, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.

As actuacións desenvolvidas polos concellos para o mantemento e renovación do comercio e a revitalización dos centros urbanos e das zonas históricas resultan imprescindibles e así o considera o Plan de renovación e mellora do comercio galego, entre cuxas medidas figura un programa específico de mellora competitiva do comercio polo miúdo que persegue a inclusión da actividade comercial como un elemento máis dentro do concepto global de planificación que os concellos deben desenvolver para definir o seu modelo urbanístico, de xeito que se logre incluír dentro dos plans urbanísticos, un planeamento comercial.

Polo tanto, resulta oportuno establecer una liña de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria e as corporacións locais para posibilitar medidas e actuacións que sirvan para a vertebración do comercio urbano, asociado ao desenvolvemento dos eixes comerciais, é dicir, aquelas partes neurálxicas e de

atracción ao redor das cales xira o tráfico mercantil máis representativo, potenciar a zona no seu conxunto tendo como obxectivo revitalizar, impulsar e dotar dunha personalidade propia, atractiva e dinamizadora, o comercio do centro ou de certas partes do núcleo urbano dunha poboación.

O contido desta orde de axudas axústase ao establecido polo Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 142, do 23 de xullo), que recolle o réxime de axudas rexionais autorizado pola Unión Europea.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Consellería de Innovación e Industria en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.

1. Constitúen o obxecto destas subvencións os investimentos para a vertebración do comercio urbano que posibiliten medidas e actuacións para modernizar e facer máis competitivo o comercio naquelas áreas urbanas que son, ou poden chegar a ser, polos